



DATOS IDENTIFICATIVOS

Terceiro idioma estranxeiro I: Alemán

Materia	Terceiro idioma estranxeiro I: Alemán			
Código	V01G181V01308			
Titulación	Grao en Linguas Estranxeiras			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	9	OB	3	2c
Lingua de impartición	Alemán Castelán			
Departamento				
Coordinador/a	Corvo Sánchez, María José			
Profesorado	Corvo Sánchez, María José			
Correo-e	mcorvo@uvigo.es			
Web	http://moovi.uvigo.es			
Descrición xeral	É unha materia de nove créditos que se imparte no primeiro cuadrimestre do terceiro curso do grao, co fin de adquirir unha competencia comprensiva e produtiva de estruturas gramaticais básicas tanto na expresión escrita coma na oral da lingua alemá e de introducir ó alumnado na cultura que sustenta dita lingua. Pártese dun nivel cero de coñecementos, pois se ten en conta o feito de que a maioría do alumnado se enfrenta por primeira vez á lingua alemá na idade adulta. Esta materia persegue alcanzar o nivel A1.1.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código				
A1	Que o estudantado demostre posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.			
A2	Que o estudantado saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.			
A3	Que o estudantado teña a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.			
A4	Que o estudantado poida transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.			
A5	Que os estudantado desenvolva aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.			
B1	Capacitación do estudantado para que adquira coñecementos lingüísticos e literarios.			
B10	Capacidade para desenvolver un proceso de comunicación sólido, responsable e ético.			

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Coñecemento progresivo do terceiro idioma como lingua estranxeira, o que inclúe as perspectivas lingüística, comunicativa e de cultura e civilización.	A1	B1	C10	D6
	A2	B10		
Desenvolvemento da capacidade de contrastar aspectos de civilización propios das xentes que falan o terceiro idioma estranxeiro e alleos.	A2	B1	C7	D2
	A3	B4		D7
	A4	B6		D9
	A5	B7		D10
		B10		D17
		B11		

Contidos

Tema	
------	--

1. A lingua alemá e a súa pronunciación estándar	O alfabeto Nomes e números
2. A relación das letras e os sons Tipos de palabras e de oracións A afirmación: []ja[] e []doch[] O imperativo: []Sie-Form[] Fragepronomen und Fragewörter (W-Wörter)	Saúdos, presentacións e despedidas
3. O presente: verbos débiles, []sein[], []haben[] e []werden[] O nominativo: pronomes persoais, []man[] e o artigo determinado As preposicións locais []in[], []aus[] e []nach[]	Países, línguas e xentilicios Os países alemás: DACHLL Estados e cantóns
4. O xénero dos nomes Aprender o artigo O adverbio []gern[] O presente: os verbos fortes	Os amigos, hobbies, intereses e relacións Datos persoais
5. A formación do plural dos nomes O acento das palabras Os artigos indeterminados []ein-[] e []kein-[] en nominativo Os nomes incontables	As profesións e o traballo Formularios e inscricións Os medios de transporte
6. O adxectivo na posición predicativa Adxectivos e adverbios Os internacionalismos O verbo []liegen[]: orientarse no mapa	A cidade e o seu contorno Capitales e outros lugares As cidades no mapa
7. Os nomes compostos O acusativo: artigos, nomes, pronomes e preposicións Verbos co acusativo, []mögen[] e []möchten[], finden, kosten, etc. Os artigos posesivos	As comidas, os alimentos e as bebidas
8. A negación: []nicht[] e []kein[] As declinacións do nome: forte e débil	Facer a compra A indicación da hora
9. El dativo: artigos, nomes, pronomes y preposiciones Los verbos modales	La vida cotidiana y la familia Citas e invitacións
10. Os verbos separables As conxuncións coordinadas O xenitivo cos nomes de persoas, cidades e países Os numeráis ordináis e a indicación da data	O tempo libre e as celebracións No restaurante
11. Preposicións e adverbios de tempo	O Nadal
Observación: Este temario inicial está aberto a novas propostas que poidan xurdir durante o desenvolvemento das clases desta materia.	Outros temas de contido cultural ou de Landeskunde.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	1	0	1
Lección maxistral	42	66	108
Traballo tutelado	24	36	60
Presentación	8	10	18
Seminario	1	0	1
Resolución de problemas e/ou exercicios	2	20	22

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Actividades introdutorias	Explicación do programa e do desenvolvemento da materia: descrición das características do curso, contidos, metodoloxía, avaliación e presentación do manual, dicionarios e outras ferramentas de traballo complementarias.
Lección maxistral	Exposicións teóricas e aprendizaxe gramatical, léxica e cultural.
Traballo tutelado	Práctica de lectura, escritura e tradución, corrección de exercicios, exposicións, elaboración de actividades ou traballos individuais complementarios e resolución das dificultades lingüísticas e culturais.
Presentación	Presentacións curtas por parte do alumnado de temas culturais xerais do ámbito alemán e de interese para a clase.
Seminario	Asesoramento e apoio na elección e na preparación das exposicións dos temas escollidos polo alumnado.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Seminario	Asesoramento e apoio na elección e na preparación das exposicións dos temas escollidos polo alumnado.
Lección maxistral	Seguimento da comprensión do contido teórico e da práctica gramatical e léxica a través do método Netzwerk.
Traballo tutelado	Seguimento da aprendizaxe mediante o método Netzwerk.
Presentación	Seguimento e apoio na preparación da presentación fóra da aula mediante titorías personalizadas no despacho ou non presenciais mediante o correo electrónico e apoio durante a exposición na aula.
Probas	Descrición
Resolución de problemas e/ou exercicios	Seguimento e apoio na elaboración e realización de exercicios, tanto na aula como fóra dela a través de titorías personalizadas na oficina ou a distancia por correo electrónico.

Avaliación			
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Lección maxistral	Avaliación semanal da aprendizaxe gramatical, léxica e cultural: exercicios na aula, e Arbeitsbuch.	30	
Traballo tutelado	Avaliación semanal da práctica comunicativa e da comprensión e expresión oral e escrita.	20	A1 A2 A3 A4 A5 B1 B10
Presentación	Valoración da aportación persoal do alumnado á materia.	10	A1 A2 A3 A4 B1 B10
Resolución de problemas e/ou exercicios	Exame escrito de contido léxico, gramatical e cultural; proba oral de apoio en casos puntuales que o requiran, segundo o criterio do profesorado, como casos dubidosos con baixa nota no escrito. A nota sería a media de ambas probas (escrita e oral).	40	A3

Outros comentarios sobre a Avaliación

O desenvolvemento desta materia apóiase no método **NETZWERK** e o emprego do seu manual ten **carácter obligatorio**: véxase a referencia na sección de bibliografía desta guía. É responsabilidade do alumnado obter unha copia impresa ou dixital de devandita referencia para o bo seguimento do curso.

PRIMEIRA EDICIÓN DE ACTAS (XANEIRO-MAIO)

A avaliación e conseguinte cualificación do traballo do alumnado levarase acabo cun procedemento de **avaliación continua** de acordo coas metodoloxías e porcentaxes descritas máis arriba.

Terase en conta a participación habitual e activa na aula (con carácter indicativo, en función de asistencia non inferior ao 80% das horas totais), ademais da entrega dos traballos. A proba escrita realizarase na data fixada para esta materia no calendario de exames aprobado pola Xunta de FFT (convén consultar puntualmente a páxina web do centro e ter en conta

os posibles cambios). Para optar a el, é requisito obter polo menos un 5 nas actividades e traballos realizados.

O alumnado que non se acolla ao sistema de avaliación continua debe comunicarlle á profesora responsable da materia (María José Corvo Sánchez) que se acolle á **avaliación única** ao comezo do curso, durante as primeiras dúas semanas de clase.

Este alumnado deberá realizar un exame escrito na data fixada no calendario de exames aprobado pola Xunta de FFT (convén consultar puntualmente a páxina web do centro e ter en conta os posibles cambios) sobre os contidos da materia (e as leccións do método Netzwerk) e máis un traballo escrito de carácter lingüístico para superar a materia. Tamén unha proba oral sobre as leccións do método Netzwerk. As porcentaxes de avaliación son: 20% para a elaboración do traballo escrito, 40% para o exame escrito e 40% para a proba oral. A profesora responsable da materia será quen determinará o contido e o desenvolvemento do traballo escrito e acordarao co alumnado. O traballo escrito debe ser entregado con anterioridade á celebración do exame escrito; a data límite de entrega é ás 12:00h do venres anterior ao día do exame escrito. A entrega do traballo será requisito previo para que o alumnado poida optar á realización do exame escrito; así mesmo, será requisito previo obter unha nota de 5 como mínimo neste para poder acceder á proba oral.

SEGUNDA EDICIÓN DE ACTAS (XUÑO-XULLO)

Para o alumnado que durante o curso se acolleu á **avaliación continua**, a segunda edición de actas constará dun exame teórico-práctico escrito dos contidos do curso polo 100% da cualificación, que se realizará na data fixada no calendario de exames aprobado pola Xunta de FFT (convén consultar puntualmente a páxina web do centro e ter en conta os posibles cambios).

Para o alumnado que durante o curso se acolleu á **avaliación única** sigúense os mesmos criterios de avaliación que na primeira edición.

ADEMAIS, en calquera das convocatorias de exames e independentemente da modalidade, continua ou única, debe terse en conta tamén o seguinte.

En todas as achegas evaluables, as notas non deberán ser inferior a 5 para superar a materia. Os resultados positivos obtidos na primeira convocatoria de exames (avaliación continua e única), malia a non superación da materia, gardanse para a nota da segunda convocatoria, de modo que o alumnado non teña que repetir unha aportación evaluable xa superada.

O profesorado pode esixir a realización dunha proba oral complementaria a aquel alumnado que, segundo o seu criterio razoado, non demostrase suficiente competencia na materia, porque o profesorado por calquera causa precise confirmar mellor o seu nivel na materia ou ben en caso de sospeita da autenticidade da autoría de calquera achega evaluable (traballo de aula, traballos escritos, exames), xa sexa por copia ou por plagio. O contido estaría orientado a unha ou máis das achegas evaluables e a nota repercutiría, respectivamente, na porcentaxe establecida para cada unha delas.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Stefanie Dengler et al., **Netzwerk neu. A1.1 Kurs- und Übungsbuch**, Klett, 2019

Bibliografía Complementaria

Collins. Diccionario Compact Plus. Español, HarperCollins Publishers, 2013

Tschirner, E., **Grund- und Aufbauwortschatz. Deutsch**, Cornelsen, 2008

Davies, H., **Diccionario de alemán para principiantes. (Dicc. ilustrado)**, Susaeta Ediciones, 1996

Langenscheidt, **Diccionario Moderno Alemán. Español-Alemán, Alemán-Español**, Langenscheidt, 2009

Langenscheidt, **Langenscheidt Diccionario Básico Alemán**, Langenscheidt, 2001

Pons, **Kompaktwörterbuch Spanisch. Spanisch-Deutsch, Deutsch-Spanisch**, Ernst Klett Sprachen GmbH, 2009

Larousse Planeta, **Vocabulario Básico del alemán**, España, Larousse Planeta, 2013

B. Braucek, A. Castell, **Verbos alemanes**, Idiomas, 2002

A. Castell, **Gramática de la lengua alemana**, Idiomas, 2011

B./ R. Corcoll, **Gramática Programm: Alemán para hispanohablantes**, Herder, 1999

H. Funk et al., **Deutsche Grammatik**, Cornelsen, 2006

R./ U. Horbert, **Der kleine Duden. Gramática del alemán**, Max Hueber Verlag-Editorial Idiomas, 2004

Larousse, **Gramática Alemana**, Larousse Editorial S. A., 2009

G. Ruipérez, **Gramática Alemana**, Cátedra, 2006

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Terceiro idioma estranxeiro II: Alemán/V01G180V01704

Outros comentarios

Pártese dun nivel cero de alemán, polo que non é necesario ter coñecementos previos

Recoméndase a asistencia ás clases, a participación activa e o traballo regular, así como o uso dos recursos da biblioteca.

Recoméndase ademais ter en conta os aspectos seguintes:

1. A copia ou plaxio total ou parcial en calquera tipo de traballo ou exame suporá un cero nesa proba. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá o alumnado da súa responsabilidade neste aspecto.
2. É responsabilidade do alumnado consultar os materiais e as novidades a través da plataforma Moovi e de estar ao tanto das datas nas que as probas de avaliación teñen lugar.
3. O alumnado visitante en programas de intercambio con universidades estranxeiras, deberá ter en conta a lingua e o nivel de lingua do curso.
4. Ademais dos contidos e pertinencia dos exercicios e exame escrito, valorarase a corrección lingüística dos mesmos.

Ao final desta materia espérase alcanzar o nivel A1.1. en alemán.
